

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL · ELOS DE LECTURA

COORDINA Blanca-Ana Roig Rechou

#ACULTURASEGUE



Un álbum ilustrado para os tempos difíciles cheos de dor e de pedra

MARÍA VIDAL
USAL

O álbum *O meu baleiro*, de Marcos Viso (Ourense, 1973), autor dos textos e das ilustracións, semella que está destinado a un lectorado infantil polas características que presenta: observamos un formato amplo pensado para os nenos, tapa dura, gardas deseñadas con xogo visual, pouco texto, moito protagonismo da imaxe... No entanto, a fonda mensaxe que aborda e mais a reflexión que provoca na persoa que le, xunto coa temática sobre a que xira a narración, fan que este libro poida ser desfrutado por públicos de todas as idades.

Convén destacar, en primeiro lugar, que as imaxes deste álbum ilustrado teñen un aire primitivo que evocan as figuras pintadas nas covas neolíticas; este xeito de debuxar concorda ben cos sentimentos básicos que agroman nesta obra. Dunha forma poética, veremos como se representa o baleiro interior por medio dunha metáfora visual que consiste nun borrancho branco que vai medrando no centro do peito.

Cunha escaseza de medios visuais, con figuras moi sinxelas, con formas sobrias e poucas cores, o autor consegue transmitir a so-



dade e a dor que sofre o protagonista fronte á perda que lle toca vivir.

Nas páxinas deste álbum o ilustrador xoga con diferentes recursos compositivos, co-

mo, por exemplo, o de empregar figuras fragmentadas ou o de pasar de enfoques moi próximos a panorámicas ou o de deseñar escenas que simulan movemento pola repetición do personaxe do neno xogando.


Todos estes efectos visuais, postos ao servizo da narrativa, conseguen mergullarnos nun tránsito doloroso, que vai desde a angustia que sofre o neno ao experimentar a perda ata a negación do sufrimento.

Coa súa lectura acompañaremos o protagonista, mentres pasa polo illamento ao que se somete de forma voluntaria, teimudo, rexeitando a axuda que lle ofrecen para xestionar a dor. Finalmente, descubrirá que o mellor camiño para superar a ausencia é arrodearse de amigos; desta forma, aprenderá a lembrar con agarimo os que xa non están e transformar a dor en bos recordos.

En definitiva, tendo en conta os tempos nos que estamos, con cambios constantes dos modos de vivir e de relacionarse, co medo latente do que nos pode ocorrer e, sobre todo, co temor a perder os nosos seres queridos, esta nova proposta de Hércules Edicións resulta atinada como un recurso interesante para pais, mestres e mediadores para axudar os máis cativos a asumir as emocións e os sentimentos que nalgúns momentos conflictivos nos depara a vida.

mariavidal@usal.es

Metáfora sen moralimos sobre a urxencia do ollar e dos afectos

SARA REIS DA SILVA
UMINHO/ELOS/LIJMI

A docente e escritora Marina Núñez (Barcelona, 1990) e o ilustrador Avi Ofer (Israel, 1975) obtiveron o Premio do Conto Infantil Ilustrado Hospital San Joan de Déu 2019, galardón atribuído ao título *Miles de Universos*. É esta mesma parella quen asina o álbum *Atrapamiradas*, obra finalista do XII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, publicado este ano en galego na colección Demademora pola editorial pontevedresa Kalandraka, e tamén en castelán, euskara, portugués e italiano.

Cun rexistro verbo-icónico moi delicado, trata un tópico actual, unha preocupación que parece dominar o cotiá de moitas crianzas: a hexemonía dos dispositivos electrónicos, de pantallas ou dixitais, en detrimento das vivencias próximas e afectivas, da interacción e das olladas dos demais.

Vera é a representante daqueles -pequenos ou grandes- que desexan inverter esta situación e que pretenden que todos volvan a contemplar "as cousas máis maravilosas que ha no mundo". Entón decide actuar, tendo como aliada "a única persoa que sabía que a podía axudar": a súa avoa. Xuntas, idean un plan que dá como resultado a perfección. Finalmente, Vera recupera non só a ollada, senón tamén os abrazos da súa familia.

Cunha acción lineal, protagonizada por un número reducido de personaxes, e narrada nun rexistro sinxelo, máis expresivo, este álbum distínguese desde a perspectiva visual pola lixeireza e rapidez do trazo e pola suavidade cromática.

Bela metáfora dos días que corren, *Atrapamiradas*, sen moralismos, mais cunha manifesta sensibilidade, apunta o dedo e suscita inevitablemente a reflexión. E non é así como debe ser un bo libro para a infancia (que é, ao final, para todos)?

sara_silva@ie.uminho.pt

Para saber máis: itinerarios lectores de LIX

BLANCA ROIG
USC/CRPIH

É unha boa nova falar da publicación de obras de cariz científico ou didáctico que se centran na Literatura Infantil e Xuvenil. Nesta ocasión a editorial Graó na serie Didáctica de la lengua y la literatura ofrece aos mediadores docentes o ensaio *El abrazo de la literatura. Itinerarios lectores para infantil y primaria*, do docente Jaume Centelles Pastor.

O volume achega 45 itinerarios lectores seleccionados para traballar na Educación Infantil e Primaria temas universais (amor, poder, morte, amizade, medo, vinganza, estereotipos de xénero, familiar, viaxe...), a partir de propostas didácticas divertidas, reflexivas e emotivas, contrastadas na práctica da aula. Así, o alumnado, grazas ás aventuras dun elenco de personaxes, pode reflexionar e aprender sobre a vida. É de salientar que na proposta sobre crecemento persoal e a ética (o valor da xustiza) teña escollido un clásico contemporáneo da LIX galega, *A galiña azul*, de Carlos Casares.

blanca.roig@usc.es



Novidades: unha terceira entrega de Mortiña

CARMEN FERREIRA
UDC/ELOS-ANILIJ

Logo do éxito colleitado coas dúas primeiras entregas protagonizadas pola nena zombi Mortiña, creadas pola ilustradora italiana Barbara Cantini (Florenza, 1977), Hércules de Ediciones vén de sacar do prelo, con tradución ao galego de Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González, a terceira entrega das aventuras desta nena peculiar.

Despois das divertidas e simpáticas aventuras vividas en *Unha historia para esmendrelarse de risa* (2018) e *Un curmán repugnante* (2019), en *O amigo pantasma* (2020) Mortiña, co seu inseparable can Tristeiro, buscará calquera pista para poder desentrañar quen é e de onde vén o neno pantasma, que intenta entrar en Vila Decadente e que non recorda nada, cando se está a punto de celebrar o Aninovo Defuntiño. Cunha boa dose de intriga e fermosas ilustracións, o lector seguirá moi atento as divertidas procuras que realiza Mortiña para descubrir a verdadeira identidade do seu novo amigo.



m.fboo@udc.es

A descuberta da calma en familia en 'Corre, corre!'

MARTA NEIRA
USC/CRPIH

Xa fA editorial Picarona, selo infantil da barcelonesa Ediciones Obelisco, achégase nun dos seus álbums máis recentes á realidade diaria de moitas familias ás primeiras horas da mañá. *Corre, corre!*, da autoría de Magdalena, ilustracións de Isabelle Maroger e tradución de Zaida Quinteiro, presenta as présas que moitas nais, pero tamén pais, lle imbuén aos máis pequenos e pequenas da casa, aos apresuramentos que a nenez non comparte.

Despois de varios "Corre, corre!", por parte da nai protagonista, coas correspondentes ordes a esta frase asociadas (érgue-te!, almorza!, lava a cara etc.), e logo de máis de un "agarda, mamá", acompañados da razón do innecesario apuro, por parte do pequeno, a adulta protagonista deste álbum, publicado orixinalmente como *Vite, vite!* (Éditions Flammarion, 2018), descubrirá, despois dun bo susto, que o esencial non pode esvaecerse polo fluír da vida. A calma tamén é precisa.

marta.neira@usc.es

